

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

POIO

Subvencións e axudas

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES LÚDICAS NO ANO 2023

Por acordo núm. 21074 adoptado na sesión ordinaria realizada pola da Xunta de Goberno Local do Concello de Poio o 21 de febreiro de 2023 prestouse aprobación ás “bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a promoción e desenvolvemento de actividades lúdicas no ano 2023” e aos seus Anexos asinadas polo Concelleiro Delegado de Festexos o 14 de febreiro de 2023, cuxo texto íntegro reproducése a continuación:

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES LÚDICAS NO ANO 2023

1.- FINALIDADE E OBXECTO

1- A Concellería de Festexos, a través da presente convocatoria de subvencións, renova a súa aposta polo apoio ao sector cultural en todas as súas dimensións mediante o fomento de actividades lúdicas nas súas múltiples e variadas expresións artísticas, en réxime de concorrència competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

2- O concello de Poio, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente á concesión de axudas económicas orientadas a promoción de actividades consideradas de interese social, coa finalidade de contribuír a que as entidades sen ánimo de lucro acaden os obxectivos que lles son propios no tocante ao fomento da participación activa da cidadanía e á celebración e conservación de eventos lúdicos xurdidos da iniciativa popular e, en consecuencia:

- Impulsar a creación e difusión da oferta cultural.
- Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora do seu contorno, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social do municipio.
- Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito lúdico e sociocultural.
- Fomentar valores sociais na cidadanía, a través do desenvolvemento de actividades lúdicas.
- Dar resposta ás demandas sociais en relación á creación de eventos e espazos para a convivencia lúdica e a recreación.



Martes, 14 de marzo de 2023

Núm. 51

- Poñer en valor o patrimonio inmaterial propio do noso municipio (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos).
- Favorecer a cooperación entre o sector público e a cidadanía no desenvolvemento de programas de actividades lúdicas que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

Por outro lado, e tendo en conta a desigualdade social que está a vivir a lingua galega nas últimas décadas, o Concello de Poio considera fundamental establecer políticas públicas que apoién claramente a diversidade cultural e garantan o dereito á produción e ao acceso cultural no noso idioma. Con este compromiso, estas bases reflicten o esforzo da Concellería de Festexos para contribuír ao desenvolvemento pleno da vida social e cultural en galego, minorando a continuidade e agravamento da desigualdade hoxe existente.

3- Poderán ser obxecto de subvención aquelas actividades lúdicas realizadas entre o día 11 de novembro do 2022 e o 10 de novembro de 2023. A estes efectos, terán carácter lúdico os eventos deportivos que non teñan carácter competitivo, certames, encontros, os festivais musicais, as festas patronais e parroquiais, as festas gastronómicas e calquera outro evento lúdico que poida ser considerado de interese xeral para o Concello de Poio de acordo coas presentes bases e que non sexan obxecto de patrocinio publicitario ou de subvención nominativa con cargo ao orzamento do ano 2023.

4.- En ningún caso serán obxecto de subvención as seguintes actividades:

- As actividades lúdicas que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Poio, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Poio ou que sexan obxecto de patrocinio publicitario ou subvención nominativa con cargo ao orzamento do ano 2023.
- Aquelas que en consideración ao proxecto e programación non acaden unha puntuación mínima suficiente establecida nesta convocatoria (12 puntos), xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

2.- ENTIDADES BENEFICIARIAS

1- Terán a consideración de entidade beneficiaria das subvencións reguladas nas presentes bases todas as asociacións e entidades validamente constituídas, con enderezo social no municipio de Poio, que realicen actividades de carácter lúdico de acordo coas presentes bases, e cumpran os seguintes requisitos:

a) Carecer de fins de lucro.

b) Estar debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Poio no momento en que finalice o prazo de presentación de solicitudes, mantendo os seus datos actualizados.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 7UQFG6S5AFJ4JG70



Martes, 14 de marzo de 2023

Núm. 51

c) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda ante o Concello de Poio para o mesmo obxecto para o que se solicita a subvención.

d) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, co Concello de Poio e coa Seguridade Social.

2- Poderán acceder igualmente á condición de beneficiaria as comisións de festas legalmente constituídas no momento en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e que cumpran os requisitos sinalados nos apartados a), c) e d) do punto anterior.

3- En ningún caso poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nesta convocatoria aquelas entidades nas que se dea algunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- FINANCIAMENTO, CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS E COMPATIBILIDADE

1- O crédito global que se dispón para o outorgamento destas subvencións será de 62.500,00 euros con cargo á partida orzamentaria 338.48900 contemplada no Orzamento Xeral para o ano 2023.

2- En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria. Se así fora, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, calquera alteración das condicións para a concesión das subvencións poderá dar lugar á modificación do acordo de concesión.

3- En ningún caso o importe da subvención superará o 50% do custo da actividade para a que se solicita a subvención (orzamento total subvencionable da solicitude).

4- No suposto de que algún beneficiario renuncie á subvención concedida, decaia no dereito á súa percepción ou proceda ao reintegro de acordo co previsto nestas bases e na normativa que resulte de aplicación, os créditos liberados poderán asignarse de maneira proporcional ao resto de beneficiarios. Actuarase de igual xeito cando, por razóns de dispoñibilidade orzamentaria, se acorde incrementar o crédito máximo inicialmente previsto nesta convocatoria.

5- Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes do Concello de Poio (Plan Músico Cultural), de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Non obstante, serán incompatibles coas subvencións nominativas ou patrocinios publicitarios que, para o mesmo proxecto ou finalidade, leve financiamento con cargo ao orzamento deste Concello para o ano en curso.

6- Un determinado evento ou actividade só poderá ser subvencionado a través dun único beneficiario.



4.- FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1- De acordo co disposto no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presentación e tramitación desta subvención farase exclusivamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Poio (<https://concellopoio.sedelectronica.gal>).

No caso de que as entidades acheguen a súa solicitude de maneira presencial, requirirase a súa corrección mediante a súa presentación electrónica, considerando como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a emenda. Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas, deberánse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

2- Se as solicitudes non reuniran os requisitos esixidos nestas bases e convocatoria e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que emende as deficiencias no prazo de dez días, con indicación expresa de se non o fixese, teráselle por desistido da na súa petición despois da correspondente Resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3- As notificacións serán electrónicas a través da sede electrónica do Concello de Poio, enviándose á conta de correo electrónico que conste na solicitude. Estas notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4- O prazo para a presentación das solicitudes será de 15 días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

5- A mera presentación da solicitude suporá que a entidade solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

5.- DOCUMENTACIÓN

1- As persoas beneficiarias so poderá solicitar subvención para un evento ou actividade. Non obstante, admitiranse dúas solicitudes de subvención por beneficiario sempre e cando o obxecto de ambas peticións sexan o desenvolvemento de festas patronais e/ou parroquiais.

2- As entidades interesadas deberán achegar a seguinte documentación:



Martes, 14 de marzo de 2023

Núm. 51

- Memoria detallada xustificativa, asinada pola persoa representante, que permita unha definición exacta do proxecto ou actuación que se vai a realizar e que obrigatoriamente deberá axustarse aos criterios de avaliación da base sexta (Anexo I).
- Orzamento detallado e totalizado da actividade obxecto da subvención (incluíndo as cantidades, os prezos unitarios e o IVE detallado), asinado pola persoa representante, no cal figuren todos os gastos subvencionables sinalados na base undécima, xunto coa previsión de ingresos (Anexo II).
- Declaración xurada sobre outras subvencións e axudas recibidas (Anexo III).
- Se a entidade beneficiaria é unha comisión de festas, deberase presentar o compromiso de execución asumidos por cada membro da agrupación e de non disolución de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (Anexo IV).
- Calquera outra documentación necesaria para acreditar a puntuación que corresponda segundo os criterios de avaliación da base sexta (cartel publicitario, detalle da programación, enlaces web e de redes sociais, outros..)

3- As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. O Concello de Poio poderá requirir que se amose o documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

4- O Concello de Poio comprobará de oficio a inscrición no Rexistro municipal de Asociacións e a non existencia de débedas coa facenda municipal.

6.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1- A concesión das subvencións realizaranse en réxime de concorrência competitiva tendo en conta para a súa adxudicación os seguintes criterios, ata un máximo de 100 puntos:

A) Programación da actividade (máximo 15 puntos):

Valorarase con 1 punto cada acción ou actividade programada, que só poderá puntuar no apartado no que se insira. Cada apartado terá unha puntuación máxima de 5 puntos:

- Actuacións musicais e teatrais profesionais, grupos folclóricos, rondallas, corais, pasarrúas...
- Actuacións de grupos locais.
- Destinadas á infancia e xuventude: xogos infantís, xincanas, contacontos, talleres...
- Actividades paralelas: exposicións, intervencións, exhibicións, charlas, conferencias, mostras gastronómicas, encontros e outras actividades de interese social para o Concello.
- Destinadas ao fomento da lingua galega: participación de grupos musicais que teñan no seu repertorio, polo menos, cinco temas en galego.
- Accións que supoñan solucións de accesibilidade para persoas con discapacidade (dispositivos que permitan sentir a música a persoas sordas, actividades que contén

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 7UQFG6S5AFJ4JG70



Martes, 14 de marzo de 2023

Núm. 51

con ILS, sistemas de lectura Braille na publicidade e difusión da actividade, instalación de gradas/espazos reservados P.M.R., ...)

- Actividades que recollan accións respectuosas co ambiente porque poñan en marcha accións de medición e compensación do impacto do evento ou active campañas de sensibilización sobre o respecto ao ambiente e accións tendentes a minorar o impacto ecolóxico da actividade (compensación de emisións de CO2 con contribucións a proxectos de desenvolvemento limpo, charlas/talleres de sensibilización ambiental, uso de vasos retornables que minimicen o consumo de plástico, traslados sostibiles mediante liñas de transporte propias ao evento, ...)

B) Fomento do equilibrio de xénero e da igualdade (máximo 5 puntos):

Valorarase con 1 punto cada acción ou actividade programada que fomente o equilibrio de xénero e a igualdade ou que presenten unha programación na que polo menos o 50% dos artistas ou participantes sexan mulleres.

A puntuación neste apartado é independente e compatible coa puntuación obtida, para as mesmas accións ou actividades, no apartado A).

C) Fomento do patrimonio inmaterial (5 puntos).

Valorarase con 5 puntos aquelas actividades que recuperen e/ou poñan en valor o patrimonio inmaterial propio do noso municipio (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos).

D) Orzamento total subvencionable (máximo 50 puntos):

Custo total do proxecto subvencionable co IVE, salvo no caso de ser deducible:

Ata 3.000,00 €	5 puntos
De 3.000,01 € a 5.000,00 €	7 puntos
De 5.000,01 € a 10.000,00 €	12 puntos
De 10.000,01 € a 15.000,00 €	15 puntos
De 15.000,01 € a 20.000,00 €	20 puntos
De 20.000,01 € a 25.000,00 €	25 puntos
De 25.000,01 € a 30.000,00 €	30 puntos
De 30.000,01 € a 35.000,00 €	35 puntos
De 35.000,01 € a 40.000,00 €	40 puntos
De 40.000,01 € a 45.000,00 €	45 puntos
Máis de 45.000,00 €	50 puntos

Para determinar a puntuación correspondente a este apartado, detraerase do orzamento presentado aqueles gastos que non teñan o carácter de subvencionables de acordo co recollido nas presentes bases.



E) Porcentaxe solicitada de financiamento (máximo de 25 puntos):

Valorarase a capacidade de financiamento da entidade promotora do evento ou actividade en función da porcentaxe económica que solicitan con respecto ao orzamento subvencionable, segundo se indica a continuación:

$\leq 25 \%$	25 puntos
$> 25\% \leq 35\%$	15 puntos
$> 35\% \leq 45\%$	10 puntos
$> 45\% \leq 50\%$	5 puntos

2- Non serán obxecto de valoración os aspectos puntuables non xustificados suficientemente.

7.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DAS SUBVENCIONES

1- O procedemento de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrancia competitiva. A concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación sinalados na base anterior.

A cantidade prevista na base terceira para estas subvencións dividirase entre a suma de puntos acadados na totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta maneira o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso, co límite do importe solicitado.

En ningún caso o importe da subvención superará o 50% do custo da actividade para a que se solicita a subvención.

2- A instrución do procedemento corresponderalle ao alcalde, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos achegados polas entidades interesadas.

As solicitudes serán examinadas en réxime de concorrancia competitiva por unha Comisión de Valoración que emitirá un informe motivado da concesión de subvencións de acordo coa avaliación realizada. Á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, o órgano instructor formulará proposta de resolución definitiva comprensiva dos seguintes extremos:

- Relación de solicitantes aos que se lle concede subvención.
- Contías concedidas.
- Mención expresa de que as restantes solicitudes se entenderán desestimadas.
- Recursos que se poderán interpoñer e prazo de presentación.

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado que estará composto por:

- Presidencia: o concelleiro delegado da área de Festexos, ou persoa en quen delegue.



Martes, 14 de marzo de 2023

Núm. 51

- Vogais: a interventora xeral ou persoa en quen delegue; o tesoureiro municipal ou persoa en quen delegue; un/unha empregado/a público/a da área de Festexos ou persoa nomeada para tal fin.
- Secretaría: a secretaria xeral do Concello ou persoa en quen delegue.

3- A resolución da concesión corresponderá á Xunta de Goberno Local e publicarse na localización web e no taboleiro de anuncios do Concello, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiarios e contías percibidas, substituíndo este trámite á notificación individual.

A práctica da notificación ou publicación axustarase ás disposicións contidas nos artigos 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que a mesma pospoña os seus efectos a unha data posterior.

5- Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo de un mes dende o día seguinte o da súa notificación, o amparo do establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, conforme o disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 3 de xuño, da xurisdición Contencioso-Administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 123.2 da citada Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados dende o día seguinte de aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, conforme o establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998.

8.- ACEPTACIÓN E RENUNCIA

1- Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades beneficiarias disporán dun prazo de 10 días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa en contra, entenderase tacitamente aceptada.

2- A renuncia á subvención poderase facer mediante a instancia xeral dispoñible na sede electrónica do Concello de Poio (<https://concellopoio.sedelectronica.gal/dossier.0>).

9.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

As entidades beneficiarias das subvencións terán que aterse ás seguintes obrigas:



Martes, 14 de marzo de 2023

Núm. 51

- a) Cumprir o obxectivo e realizar o proxecto subvencionado, de conformidade coa solicitude presentada, no marco municipal de Poio.
- b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita a subvención.
- c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización da actividade para a que solicita a subvención.
- d) Comunicar ao Concello de Poio calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.
- e) Notificar ao Concello de Poio as axudas, ingresos ou recursos que financien a actuación subvencionada, obtidos ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas, con posterioridade á presentación da solicitude da convocatoria correspondente.
- f) Proporcionar en todo momento a información que lle sexa solicitada respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Informar e publicitar que a actividade está financiada polo Concello de Poio. Deberá figurar a colaboración do Concello de Poio en todos os elementos de difusión relacionados coa actividade subvencionada. Na difusión das actividades subvencionadas en redes sociais, deberán incluír ou etiquetar nas súas entradas aos perfís do Concello de Poio: @concellodepoio
- i) Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega como lingua de uso vehicular dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartellaría, folletos e equivalentes). Por tanto, todas as actividades e materiais subvencionados deberán realizarse en lingua galega, sen prexuízo de que tamén poidan incluír outras linguas. Desde o Concello de Poio farase seguimento específico para comprobar o cumprimento desta obriga.
- j) Respetar rigorosamente a toponimia oficial de acordo coa Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- k) Utilizar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.
- l) No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de



conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuizamento civil.

m) Cumprir coa normativa de seguridade e hixiene vixente no desenvolvemento da actividade.

n) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 de Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O incumprimento destas obrigas levará parella a perda da subvención.

10.- XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS E PAGAMENTO

1- Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias terán de prazo ata o 17 de novembro de 2023 para xustificala presentando, mediante a instancia xeral dispoñible na sede electrónica do Concello de Poio (<https://concellopoio.sedelectronica.gal/dossier.0>), a seguinte documentación:

a) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e sinaladas previamente no expediente.

b) Declaración xurada sobre outras subvencións e axudas recibidas (Anexo III).

c) Conta xustificativa dos gastos na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo na que se poña de relevo que os gastos que figuran nesa conta se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, indicando que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición do Concello de Poio para o seu exame. (Anexo V)

d) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, e que deberán axustarse ao disposto no artigo 6 do Real Decreto 1612/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. A data das facturas deberá corresponder ao período subvencionable.

No suposto de declarar que a actividade se cofinancie con outros ingresos (subvencións, axudas ou outro tipo de ingresos recibidos para a mesma finalidade), o importe total de gastos a xustificar mediante facturas ou documentos equivalentes no tráfico mercantil debe ser igual ou superior á suma dos ingresos declarados máis o importe da subvención a conceder por este Concello.

e) Xunto con cada factura achegarase xustificante bancario do pagamento, extractos ou certificacións bancarias, debidamente identificados ou, no seu caso, facendo constar na factura o “recibín” do perceptor con indicación do DNI, nome, apelidos e sinatura do mesmo. A estes efectos e, de acordo co previsto na Lei 11/2021, do 9 de xullo de 2021, de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal non se poderá pagar en efectivo as operacións cun importe igual ou superior aos 1.000,00 euros.



Martes, 14 de marzo de 2023

Núm. 51

f) Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social emitidos polos organismos competentes -Axencia Estatal de Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Tesourería da Seguridade Social-.

De acordo co disposto no artigo 24 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, se o importe da subvención concedida non supera os 3.000,00 € bastará coa presentación dunha declaración responsable.

g) Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte do Concello de Poio da actividade subvencionada mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos.

h) Certificado da titularidade da conta bancaria.

2- Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos na solicitude inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida. Establécese unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado que non debe superar o 20 %.

Minorarase da subvención concedida o importe que corresponda, de acordo cos criterios de valoración previstos na base 6, por aqueles conceptos incluídos na solicitude inicial que non se xustifiquen fidedignamente.

3- Todos os gastos subvencionables deberán estar pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

4- De non cumprirse algún dos requisitos anteriormente mencionados, darase un prazo improrrogable de 10 días hábiles a partir da data da recepción da notificación telemática, a través da Sede Electrónica, que terá a súa disposición unha vez sexa comunicado ao correo electrónico facilitado pola entidade solicitante, para achegar a documentación que se precise.

Vencidos os prazos que se establecen nas presentes bases sen que a entidade beneficiaria da subvención achegase a correspondente documentación, entenderase que renuncia á percepción da subvención, debendo reintegrar o importe concedido como anticipo, no seu caso.

5- O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria. Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- En caso de que se xustifiquen gastos polo 100% do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención sempre e cando non teñan lugar os supostos de minoración anteriormente expostos no apartado segundo.
- En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100% aboarase a parte proporcional da subvención.

6- No caso de obter outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, de carácter público ou privado para a mesma finalidade, o orzamento a xustificar será a suma do importe de todos os recursos recibidos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 7UQFG6S5AFJ4JG70



Martes, 14 de marzo de 2023

Núm. 51

7- O Concello de Poio comprobará de oficio a non existencia de débedas coa facenda municipal.

8- Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Facenda municipal. O pagamento tampouco se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa vencido.

11.- GASTOS SUBVENCIONABLES

1- Con carácter xeral, consideraranse gastos subvencionables aqueles gastos correntes que de xeito indubidable respondan á realización do proxecto e se inclúan entre os seguintes:

- Gastos de difusión e publicidade en calquera soporte, no cal se fará constar o logotipo do Concello de Poio e etiquetar nas súas entradas en redes sociais aos perfís do Concello de Poio.
- Aluguer de espazos e equipamentos técnicos (mesas, carpas, equipos de son...)
- Gastos de contratación de servizos técnicos e profesionais (actuacións, talleres, exposicións..)
- Xestión de películas (dereitos de exhibición e transporte de copias).
- Dereitos de autor derivados do desenvolvemento da actividade.
- Premios consistentes en diñeiro ou galardóns oficiais, en cuxa convocatoria e publicidade constará a colaboración do Concello de Poio (fabricación de figuras, galardóns ou similares que se entreguen como premios).
- Gastos de viaxes, aloxamento e manutención das persoas participantes nas actividades propostas.
- Gastos correntes derivados da implantación de medidas hixiénicas e sanitarias no desenvolvemento da actividade.
- Calquera outro gasto corrente necesario para o desenvolvemento da actividade subvencionada.

2- En ningún caso serán subvencionables:

- Os gastos de investimentos: obras e bens inventariables.
- As cantidades satisfeitas ao Concello de Poio polo uso das instalacións, reservas de vía pública e expedición de documentos administrativos relacionados co obxecto da actividade para cal se solicita a subvención.
- Os intereses de debedores de contas bancarias, os xuros, recargos e sancións administrativas ou xudiciais nin os gastos que puideran producir os seus respectivos procedementos.
- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- Os gastos de funcionamento e os gastos correntes das entidades solicitantes.
- As bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado nocivo para a saúde. Tampouco as facturas relativas a alimentos e bebidas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 7UQFG6S5AFJ4JG70



- Imprevistos (todas as partidas deben ser concretas e estar claramente identificadas).

3- Considerarase gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

12.- ANTICIPOS

1- Co fin de garantir a liquidez e o financiamento necesario para o desenvolvemento das actuacións inherentes á subvención que deban ser atendidas con anterioridade ás data de celebración das actividades subvencionadas, as entidades beneficiarias poderán solicitar, unha vez comunicada a resolución definitiva, o ingreso dun anticipo de ata o 50% da cantidade adxudicada á que teñan dereito.

2- A solicitude do anticipo deberá ser presentada mediante a instancia xeral da sede electrónica do Concello de Poio (<https://concellopoio.sedelectronica.gal/dossier.0>) e deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, emitidos polos organismos competentes.
- Certificado de titularidade da conta bancaria.

3- Os importes ingresados en concepto de anticipo estarán suxeitos ás mesmas accións de control e fiscalización municipais para garantir o seu correcto investimento e deberán xustificarse, xunto coa totalidade da axuda concedida, no prazo e forma establecido na base décima.

13.- INCUMPRIMENTO, REINTEGRO E SANCIÓN

1- O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes de conformidade co establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

2- Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

3- Procederá o reintegro total o parcial das subvencións percibidas cando concorran calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

4- No caso de que as entidades beneficiarias incumplan algunha das obrigas recollidas nas presentes bases e demais normativa aplicable, o Concello de Poio poderá iniciar, se é o caso, un procedemento sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.



Martes, 14 de marzo de 2023

Núm. 51

14.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1- En cumprimento co establecido na actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Poio, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

2- As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, tal e como se explica na información adicional sobre Protección de Datos na páxina web do Concello de Poio na seguinte ligazón www.concellopoio.gal/index.php/politica-de-privacidade

15.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

1- A presente convocatoria rexerese por estas bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; polas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Poio para o ano 2023; polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto polas normas de dereito privado.

16.- DISPOSICIÓN FINAL

1- O Concello de Poio quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

2- A presentación de solicitude de subvención leva implícita a autorización ao Concello de Poio para que publique na súa páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Poio a relación de entidades beneficiarias e o importe das subvencións concedidas, coas excepcións previstas nas Leis.

3- Estas Bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación integra no Boletín Oficial da Provincia. En virtude do exposto no artigo 20.8.a) da Lei Xeral de Subvencións, o Concello de Poio como administración concedente comunicará á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria e a información requirida na Base de Datos. A BDNS dará traslado ao Diario Oficial correspondente do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 7UQFG6S5AFJ4JG70



Martes, 14 de marzo de 2023

Núm. 51

MEMORIA DA ACTIVIDADE	ANEXO I
-----------------------	---------

D./Dña. _____ con DNI núm. _____
en calidade de _____ da ntidade/asociación/comisión
_____ con CIF _____ e dirección

En cumprimento co disposto nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a promoción e desenvolvemento de actividades lúdicas e, en aplicación dos criterios de avaliación recollidos no artigo 6 das citadas bases, **DECLÁRANSE** os seguintes aspectos puntuables en relación ao proxecto para o que se solicita a subvención (**deberase achegar a documentación acreditativa correspondente**):

DENOMINACIÓN DO PROXECTO/ACTIVIDADE	
-------------------------------------	--

BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO/ACTIVIDADE (Máx. 12 liñas)

A) PROGRAMACIÓN DA ACTIVIDADE (Máx. 15 puntos)	Puntuación (non cubrir)
Actuacións musicais, teatrais, grupos folclóricos, rondallas, corais, pasarrúas:	
1.- 2.- 3.- 4.- 5.-	
Actuacións de grupos locais:	
1.- 2.- 3.- 4.- 5.-	
Actividades destinadas á infancia e xuventude: xogos infantís, xincanas, talleres..	
1.- 2.- 3.- 4.- 5.-	
Actividades paralelas: exposicións, conferencias, exhibicións, encontros....	
1.- 2.- 3.- 4.- 5.-	

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 7UQFG6S5AFJ4JG70



Martes, 14 de marzo de 2023

Núm. 51

Fomento da lingua galega: grupos musicais cun repertorio, polo menos, de cinco temas en galego.	
1. - 2. - 3. - 4. - 5. -	
Accións que supoñan solucións de accesibilidade: ILS, lectura Braille na publicidade, gradas/espazos reservados P.M.R., dispositivos que permitan sentir a música a persoas sordas....	
1. - 2. - 3. - 4. - 5. -	
Accións respectuosas co ambiente: compensacións emisións CO2, charlas/talleres sensibilización ambiental, uso de vaos retornables, traslado sostible mediante liñas de transporte propias ao evento...	
1. - 2. - 3. - 4. - 5. -	

B) FOMENTO DO EQUILIBRIO DE XÉNERO E A IGUALDADE (Máx. 5 puntos)	Puntuación (non cubrir)
Actividades que fomenten o equilibrio de xénero e a igualdade ou que presenten unha programación na que polo menos o 50% das artistas ou participantes sexan mulleres:	
1.- 2.- 3.- 4.- 5.-	

C) FOMENTO DO PATRIMONIO INMATERIAL (5 puntos)	Puntuación (non cubrir)
Motivación:	

D) CUSTO TOTAL DO PROXECTO SUBVENCIONABLE (Máx. 50 puntos)		Puntuación (non cubrir)
Orzamento sen IVE	Orzamento con IVE	
O IVE é deducible: ☐ Si ☐ Non		

E) IMPORTE DA AXUDA SOLICITADA E PORCENTAXE DE FINANCIAMENTO (Máx. 25 puntos)	
Importe da axuda solicitada	% solicitado sobre o orzamento subvencionable



Martes, 14 de marzo de 2023

Núm. 51

NOTA: Deberase acompañar a documentación acreditativa dos méritos alegados na presente memoria de acordo co disposto no artigo 6 das Bases reguladoras. Non serán obxecto de valoración os aspectos puntuables non xustificadas suficientemente.

VALORACIÓN TOTAL DO PROXECTO/ACTIVIDADE (non cubrir)	
---	--

Poio, _____ de _____ de _____

Asdo.: o/a representante

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 7UQFG6S5AFJ4JG70



Martes, 14 de marzo de 2023

Núm. 51

	Importe sen IVE	Importe con IVE
TOTAL GASTOS (A+B+C+D+E+F)		

ORZAMENTO DE INGRESOS	
A. AXUDA DO CONCELLO DE POIO	IMPORTE
Importe da axuda solicitada na presente convocatoria	
TOTAL (A)	
B. AXUDAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	IMPORTE
TOTAL (B)	
C. AXUDAS E PATROCINIOS PRIVADOS	IMPORTE
TOTAL (C)	
D. FONDOS E RECURSOS PROPIOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	IMPORTE
TOTAL (D)	
TOTAL INGRESOS (A+B+C+D)	IMPORTE

NOTA: O total do orzamento de gastos debe ser igual ao total do orzamento de ingresos.

Poio, _____ de _____ de _____

Asdo.: o/a representante

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 7UQFG6S5AFJ4JG70



Martes, 14 de marzo de 2023

Núm. 51

DECLARACIÓN XURADA**ANEXO III**

D./Dña. _____ con DNI núm. _____
_____ en calidade de _____ da
entidade/asociación _____ con CIF _____ e
dirección _____

DECLARA:

1.- Que esta entidade/asociación está ao corrente coas súas obrigas tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social, e non ten débedas de ningún tipo co Concello de Poio.

2.- Esta entidade non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e asume o compromiso de cumprir as obrigas e requisitos recollidos nas bases reguladoras desta subvención.

3.- Que en relación con outras subvencións, axudas, recursos ou ingresos concedidos ou solicitados:

☐ NON se solicitou nin se recibiu ningunha outra subvención, axuda, recurso ou ingreso de carácter público ou privado para a mesma finalidade para os que se solicita esta subvención.

☐ Si se solicitaron e/ou se recibiron outras subvencións, axudas, recursos ou ingresos de carácter público ou privado coa mesma finalidade para os que se solicita esta subvención, que son as que se relacionan:

Organismo público / Entidade privada	Solicitada/recibida	Importe

E para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data sinalados.

Poio, _____ de _____ de _____

Asdo.: o/a representante

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 7UQFG6S5AFJ4JG70



Martes, 14 de marzo de 2023

Núm. 51

COMPROMISO DE EXECUCIÓN E NON DISOLUCIÓN

ANEXO IV

A Comisión de festas _____ en virtude do exposto no artigo 11 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aos efectos de participar na convocatoria de subvencións para a promoción e desenvolvemento de actividades lúdicas no ano 2023, adopta os seguintes compromisos:

Primeiro.- Comprométese a que cada un dos membros da agrupación asume equitativamente os compromisos de execución derivados do procedemento de concesión, e que cada un dos membros se considerará beneficiario do importe a conceder en partes de igual contía.

Segundo.- Comprométese a que a agrupación non será disolta ata que transcorrese os prazos de prescrición previstos nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Terceiro.- Nomea como representante da agrupación a _____ con DNI _____, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, correspondan á agrupación.

Poio _____ de _____ de _____

Asdo.: o/a representante



